
N.º 130
Tomo 11
nós

NÓS

BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Adeministrador
ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:
Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:
SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce númaros, na Peninsua	6'00 *pesetas.*
Fora da Peninsua	8'00 »
Númaro solto	0'70 »

NOTA

Este boletín non pubricará mais orixinás qu'os que foran direitamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se faí solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

ESTUARIO INTERIOR, por AQUILINO I. ALVARIÑO.
GRORIAS E PERIGOS DA POESÍA DE BOUZA BREY, por R. CARBALLO CALERO.
DEVALAR, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.
HÖLDERLIN - TRADUZÓNS E NOTA de A. CUNQUEIRO.—GRABADO, de VIDARTE.
EISPOSICIÓN COLMEIRO, por M.
OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

IMPRENTA "NÓS"
Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos
Trasmitanos os seus encárregos
Rúa do Vilar, 15 SANTIAGO

Vicente Risco
Abogado
Santo Domingo, 47-2.º Ourense

Nós

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XVI ✱ Ourense Outubro de 1934 ✱ Núm. 130

ESTUARIO INTERIOR

Por Aquilino I. Alvariño.

Señor, ¿ónde hei botar iste cansancio
que lèvo entre os meus brazos coma un feixe
de guizos secos?
¿Qué sementar na área dista hora
que abroche nunha flor?
¿Cómo abrir unha ròsa de silenzo
niste rilar de vèrmes
devorando a armonía dos instantes?
¿Cómo encher istes ócos interiores,
e valeirar o esprito dista xerfa
de intres como fètos podrecidos?
¿Onde iréi pol-o aire novilèdo,
e a sombra recén nacida,
e a estreliña mollada,
e o silènzo dos oríxens.
pra florir ista hora de osamèntas ispidas
en que o meu corazón está enterrado vivo?

GRORIAS E PERIGOS DA POESÍA DE BOUZA BREY

Por R. CARBALLO CALERO

Eu ben o sei. Hai mozos que non confiren a Fermín Bouza Brey categoría de poeta novo. O que non sei ben é cal sexa pra ises mozos a esencia da nova poesía. Como son tan pouco dogmático, resístome a ademetir un conceito pechado da novedade poética. A nova poesía pode ser o superrealismo. N-iste caso a poesía de Bouza Brey non será compretamente nova. Pero o novo debe ser unha noción aberta, chea de posibilidades. Non compre unha novedade momificada. Novo pode ser o que é diferente do antigo. E craro está que procede escrarecer cales particularidades determinan a esencial diferencia. I-eiquí agromará unha rosa dos ventos espirituás prolongada en mil roitas diverxentes. Mais eu decraro que pouco me interesa saber se a poesía de Bouza Brey é nova ou vella. Dende logo que ninguén, denantes de íl, fixo versos que semellaran os seus. Falla averiguar se os poemas de Bouza levan o calco do noso tempo. Mais como eu teño moitas dúbidas encol da caraiterización miolar do noso tempo, prefiro leixar intacto o problema a máis arriscados e ardidos investigadores.

Se ninguén en Galiza ten feito denantes do noso poeta versos precursores dos seus, non será moito que condecoremos a Bouza coa soitaria estrela da orixinalidade. E de certo merece tan fremoso galardón. A sustancia poética que traballa Bouza Brey é ben outra que a moldeada pol-os versificadores do XIX. En Cabanillas non vaiamos a buscar a lenta armonía, o mesto mel, o ar cortesán dos poemas de «Nao senlleira». Menos disparidade atopamos antre Bouza Brey e Noriega Varela. Certas calidades adxetivas da paixase poética do autor de «Do ermo» o seu amor â natureza, achéganno en certo limitado senso ao poeta pontevedrés. Semellantes consideracións suxírennos Amado Carballo e os seus díscipulos e coincidentes Augusto María Casas, Euxenio Montes, Aquilino Iglesia Alvariño, Florencio Delgado Gurriarán. Mais istas semellanzas, ben leviáns e cativas, apenas proceden de outra circunstancia que a de seren todos, con Bouza, poetas *románicos*, en canto o románico é unha arte natural, campesiña, primadeiral, inxel. Mais as preferencias métricas, o sochán romántico, o simbolismo verbal alongan a Bouza de moitos dos citados poetas, e a mesma calidade formal, a crásica

mesura, dos restantes. Con Blanco Amor ten algunha coincidencia temática, parellas afeicións arqueolóxicas e certas afindades de gusto. Nada de abondo pra que lle siñalemos verdadeiros precursores nin irmáns de escola lírica.

Un craro entrocamento hai en Bouza Brey cos nosos poetas medievás. Bouza Brey recolle unha tradición interrumpida, resustando saudades, xiros, formas e intencións trovadorescas. O cal lle debemos agradecer, porque constituie un dos máis fondos encantos da sua obra. Mais o poeta que nos ocupa non é un mero arcaizante da nosa lírica. Il remoza o antigo e dalle ar e dimensión modernos.

Trátase de unha poesía fundamentalmente galega; e ista é, cicáis, a súa primeira groria. Unha poesía verdadeiramente nacional, como a do vate de Ponteceso, anque por máis puros e artísticos camiños. Nacional pol-o esprito, pol-a tradición, pol-o tema, chea de sensualidade mol, de loura dozura, como nos simbolistas, como en Mallarmé as verbas teñen valor por sí mesmas, independentemente da oración que compoñen, pol-o seu brilo espléndido, pol-a súa transparencia luminosa, ou pol-a outeza e rango das ideas que evocan. Ocurrirádevos adoito non atopar unha lóxica estreita en certos adxetivos, mais irêdes vencidos pol-a música ideal e material e gozaredes n-eles paraísos insospeitados.

Pol-as páxinas de «Nao senlleira» esbara un ronsel de señardade. Por ventura leixóuno a nao dos Cancioeiros; por ventura leixóuno a dorna do popular. Ás vegadas, o verso chouta, rexoubante e ledo, con música de escordeón.

A carón de estas indiscutibres belezas, atopamos un horizonte limitado unha elasticidade escasa, un monocordismo centrípeta e avasalador. Os poemas recollidos por Bouza Brey no seu único libro abranguen un espacio productor que vai de 1926 a 1932. Seis anos, durante os cales ¡cántas roitas iniciaronse na lírica, cántos camiños novos! Pero Bouza Brey é sustancialmente o mesmo en «Lelías ao teu ouvido» que en «Parranda mariñeira». Non alixeiróu a súa cárrega retórica. Non esploróu novos mares, non colleitóu novos froitos. E despois de botada a súa «Nao», o seu «Agarimo», de 1933, nada engade ao seu mérito, non supón evolución nin perfeición. Cando se ten producido unha obra tan perfeita como a de Bouza, non compre nos laiar de que o poeta non se renove. Pode seguir acumiando beleza inmutable encol da beleza entregada. Despois de todo, iste é o caso de Salinas, grande poeta castelán. Máis isto quer decir que a obra esta conclusa e o futuro somente pode redondeala. Hoxe aparécenos Bouza Brey como un lírico sereo, sin inquedanzas, cultivando a súa fremosa e consecuente fror. Ainda que o mañá pertece aos deuses, o poeta non nos anuncia sorpresas.

D E V A L A R

Por Ramón Otero Pedrayo

Nos parladoiros da fiestra do norde as mesmas luciñas de mica. Tamén no ceo, ás veces cabalgado por somas de nubes lucen estrelas semellantes a ístes locires de luar antigo apreixados na pedra, lembranza cecáis das noites de inocencia da terra virxe aínda mollada de orballeiras anxélicas, a pedra xiada e musculosa, carne do coto ergueito no marco dos hourizontes dos degaros da adolescenza. Entón ísta fiestra tiña a castidade de unha adicazón heróica, de vivir recollido na pureza traballosa de todolos dias pra merescer o mensaxe agardado ca emozón das Ordes. De maneira que figuraba pecadenta a chegada do sol da primadeira, bico de campía labrega na adusteza da fiestra. Ermo de penitenza soio abrangue unha paisaxe de fuxidas penedosas, lameiros de verde montesío car'a serra do Norde, metafísica, lonxaa aos circos dos outros montes dispostos en conversa de eirado e no inverno faguendo a lagarada cos ácios da serán. Poúsase a mán na pedra da fiestra ca confianza e o fortalecemento que da a man rexa do vello patrón sabedor do tempo das carballeiras e das xerazós e das fontes en moitas légoas arredor. Os libros de ascética, mística e dialéctica da libreiría aman a lus de luzada do XII con rechouchíos de latín monástica da fiestra toda chea co azul, a neve, o vento da serra, e mais que ningún os Pensamentos de Pascal. Houbo na casa un tempo de pobreza pol-os preitos e as maas colleitas, i entón o fidalgo da casa fuxindo das hortas deixadas a bravo e das cepas sen arxonar, viña a ista fiestra pra se sentir aínda señor na eleganza da paisaxe e dos libros que o mantiña na sua caste pois os paisáns non tiñan fiestras como éla, non boa pra pendurar as espigas de millo nin ensarillar as cebolas ulentes â bárbara xigantomaquia dos fumeiros. Eira, serra, fiestra do norde, libros místicos, cráustro. Liberdade, domeado o engádego da soláina, sensoal.

Sémpre a mesma táboa rénche ao pisála e dá o seu tón â saa. No souto habería unha ponla ca mesma sonoridade, a primeira en recoller o latir do vento, a pola non conforme ca unanimidade da grea dos castiñeiros. A táboa comesta por un nó como un cáncro, de febras da madeira cepillados a repelo, cacarañada pol-o verme como táboa de cadaleito, alonga ço seu soar ao pisála a perspcitiva da saa faguendoa gándra pra quén pascia por éla como pascaban os vellos de outro tempo fuxindo do circo de lus urbán, estudosa, civil, do quinqué ou do velón, pra se afondir a cada volta de cometa na soedá de serra, cazata, carlistada, inverno, do polo norde da sala volvendo â lus —xornaes, o xogo de damas, novelas ou novenas con anteollos de vista cansa e a esfera de vidro da calceta— co aire do nomadismo antigo da caste, do feudalismo ou a penitenza contra o despotismo ilustrado. A ánema en pena do salaio da táboa daba médo aos cativos. Coidaban estar n-ela, o adicarlle a oración, a ánema soia. Pregaria subrime espertadora de todol-os remordimentos ao se sentire un, neno, pequeniño, quente, pra soñar cos pomares inzados de mazáns sabor de mañan sen escola, co can de veludo, fuciño de bei-

zo, ca tostada de manteiga do chiculate, namentras no frio da noite, na húmidade dos lameiros de fedehondas bechas, pasando acarón das sepolturas novas que acenan nas tébras, camiña sen folgo a ánena en pena, a soia, sen amor de ninguén e tan boiña que nin pénsa en petar aos vidros con dedos de chóiva pra que non morramos co médo. Na banda do norde tén a saa ulido, friaxe e soma de oco de caracocho ou crebada de serra, máis cara o sul hai no inverno ouro de laranxas, neve febreiriña de xasmins, pampos con paxaros no outono, e no vrán o pan quente do sol e o ulido de panadeira da serán.

Veñen como sempre uns pasos nas lousas da cociña. Mais pirmeiro imos ao coarto dos convidados. Quén terá durmido no leito? O Bispo, a señora das cén tégas de pan de rénda, o frade predigador, o xeneral condenado a morte. O Bispo coor de abrulas viu na liteira e dinantes de se deitar mirando pol-a fiestra estrelas roxas encol de montes mouros lembrou a frase dunha epístola de San Ciprián. A tidalga amaranto i encaixe, chegou en coche e mirando o leito pensou no que lle perpararon â raiña Isabel en Lugo cándo revistou con tanta campechanía os batallóns na praza. O frade chegou de a pé, coor de pardomonte, e deitouse no chan por ser tempo de San Francisco e ter o baldaquín do léito serpes salómonicas de ébano. O xeneral de corbatín e zamarra, viu de a cabalo e preparou as pistolas e calculou a descida da fiestra ao parral de náparo. No coarto dos invitados sempre hai sol das once con chiculate na bandexa de prata e un ambente de festa co ise toupar de froitos esparexendo sementes que teñen as campâs barrocas da aldea o día do patrón ou cando misa, xa tardeiro pois houbo tresillo, un crego de fora, as veces un cónego. Misas âs que soio van os que non teñen que faguer â hora das somas curtas e dos paxaros durmindo a sesta.

A alcouba dos forasteiros lémbra os xantares dos días de santo. Todal-as artes vellas e novas traballaban en colaborazón co sol, co xardín, ca gaita e os foguetes como pra outeñer un día esculturado, armoñoso, máino, como un retabro dourado ou un sermón do «Grand siécle». Aquil día vivían todal-as xenerazóns decorridas e todol-os elementos do pazo. Figuraban meirandes e valentes as trabes das carballeiras, saían con pompa de adicación xupiterián as parexas de bois acuñados en carne de onzas mexicâs, arredondeaban as medas, demoraba mais tempo o merlo nos magnolios de frol criolla, as cubaxes nas adegas agardaban pra romper nún beilado disforme a frauta dun Merlín da ribeira. Na cociña relomeaban soles de groria nos potes, nos alzadeiros, nas mesmas pedras do fogar. As veces na saa dos xantares maxinarse as risadas as conversas e curtesias cas que un século o XVIII era coberto cas paixóns do XIX namentras ian xurdindo os fláns. Certo sol do poente, ou bica, ou croa de frol marela dos lameiros, lembran o flán mais que ilustre, rexa e tremante teta, máina e forte mantenza, gasalleira de gula dispensada pol-a inocenza dos elementos sinxelos, campesios, trunfo das vellas cociñeiras, fogo mimoso, tempo, certeiro calcolar pra outeñer isa síntesis mol e fonda de gosto aquecedor de todal-as discordias posíbeles proviñentes dos manxares ou das opinións dos convidados.

Pasos nas laxes da cociña. O pazo garda sonoridade de aldea e de salón. Silenzo arestora con vento da neve febreiriña e o verme da madeira rillando e o ensaio das portas e das fiestras pra instrumentaren â noite as suas lembranzas do bosque. Aínda demora na soláina un paniño sedán do solpor e dinantes que fuxa apañamos a soma vella que viviu na casa uuha vellez dura como a eira, xenerosa de colleitas de outono.

Coñecía o son das vintecatro campás abranguidas no hourizonte sonoro do pazo voces de vintecatro vellos do Apocalipsis do Pórtico da Groria do ceo.

A nuben riba da serra aínda donda das formas madernaes da mar.

A descendenza do merlo abate, do merlo madrugueiro, os mestres de cerimoña das primadeiras, un amigo do alcipreste, outro da araucaria seguriña, quente e fresqueira.

A roupa posta a asoellar nos penedos da Crus: refaixos da Bubela, sabáns do tío Tenacio vello arregrador da arca como unha muller, as camisas rabelas da xente dos Es-

tebos todos bimbastros que n-hai roupa que lles chégue, as meadas da Raiña da Congostra vella curiosa da brancura.

As mudanzas dos pobos, dos eidos, dos camiños en moitas légoas arredor. A serra dinantes espida mira as suas abas inzadas de formiguexar de piñeiros. O pazo de Outapena recollía o primeiro sol e orguloso manda a ronda dos soutos, o verdecer das nabeiras (sempre era primeiro en botar o pan) e os camiños acodían a il. Despoixa escureceron as pedras fidalgas, os soutos camiñaron en toradas brancas de carne, nas nabeiras non lociron aquiles verdes fartos que soio son obra da vixianza dos amos, os camiños non portando tegas nin amores, desviaronse car'á vila de catro téndas de aceite e vinagre e un probe parador de arrieiros, que hoxe ten catro ducias de casas de perpiaño.

O ulido, o son, o sabor do mundo.

Panquente no outono cos millos alapeados de rumor de hosos co vento soán. Asentes das mañáns de abril. Vibradoira noite das aas, fuxir, deitar, pingar, cachoar, de augas ledas no amor dos lameiros e as tres sortes do son da choiva: orballeira, de rega, caroal.

Velliña que coñecía os pensamentos dos labregos soio ao mirarlle as enrugas da frente e daba aos bois espigas no balcón toda cinguida de voos de pombas picando o grau na mesma mán e tivo o seu pasamento sendo apenas de duas cartas istes buxos da casarella escanastrada. Seu esprito se voltar ao mundo, está ali na soláina a matinar lembranzas novas.

E logo todol-os pensamentos da casa. Por éla tén pasado as tres castes de morte: conforme, rebelde e irónica. Non lle donar desmasiada importancia á segunda. Foi un mociño ledo e novo. Pastelexaba contra a morte como ca sua nai ao porlle de neno a corbata nova. Nin a derradeira. Un vello fidalgote surprendido ca pipa na boca. Mais non houbo intenzón. Todal-as mortes na casa son asocegadas conforme a un ritmo máino e segura pra quen se deixe abranguer no seu engádego, o mesmo da pedra dende a canteira á roína, da madeira de souto deica o lume, todol os tempos froindo nas canles gobernadas pol-a léi irmá do decorrer do tempo das cousas galegas.

Nas seráns do inverno con sol baixo nos montes, as mañás do Maio espertando novas e ás veces irónicos escearios nos hourizontes e a chegada, unha a unha como os sons do reló, ou todas xuntas como chega a neboeira, adiquiren vida no esprito da vella que xa desque lle camiñou o neto alenta nun mundo fora do tempo pois ten domeado a sucesión e fica a esenza das cousas e das xentes no presente da alma vixiante fluindo a lembranza co mesmo asocegado correr das arelanzas, por riba das xerazóns e da tiranía dos tempos determiñados, Os tres ritmos do mundo cósmico ou pranetario, do mundo da vida das carballeiras e das andoriñas, o da alma individual demarcada asegun as precisas categoirías da persoa, misturan as suas difrentes dimensiós no vivir dista velliña pura, feble, cangada na aparencia, na verdade dona de sentir no intre que dunha soma de aza no balcon, o fuxir conxunto das cachoeiras de mil vidas e o xermolar silandeiro de armuñías ceibes no futuro da espranza.

Deixala soñar cos olliños vellos e puros chantados no agromar novo do pomar agora na primadeira. Si souperamos dar forma aos seus ensoños teríamos feito o libro que nós vivindo horas de fondura arelante no pazo e nos hourizontes quixeramos escribir seguindo o calado consello das pedras da soláina, das penedas e augas, das táboas do piso, dos libros da libreiría, dos montes, dos agros, das xerazóns que nista teñen vivido e non morto enteiramente.....

H Ö L D E R L I N

TRADUZÓNS E NOTA DE A. CUNQUEIRO GRABADO DE VIDARTE

NOTA:

Johán Cristián Federico Hölderlin finouse en Tubinga —Universidade, mazás, viñas— cando ía a comezar o vrán, ano 1843. Nascera alí, no Würtemberg, na pequena vila de Lauffen, no encontro dos doces ríos Zaber e Neckar. Vivía en Tubinga dende 1806, en grave estado de loucura.

Estudóu en Tubinga, onde coñeceu a Schelling i-a Hegel.

Foi profesor en Jena e Weimar. Eiquí trabou amistade co Schiller, por quen tivo sempre fonda ademiración.

Arredor do ano 1800 vive en Hamburgo; había ido alí fuxindo dunha forte pasión.

Da primeira época —romántica i-helenizante— é o poema «Adeus», «Idades da vida» e «Primaveira» son poemas da época de Hamburgo, cando escribía o «Emilie von ihrem Brautag», e comenzaban *a nascerlle os máis finos vidros da outra razón, da razón de detrás da cabeza.*

TRADUZÓS

A D E U S

Diviña criatura! eu turbei en tí
o vermello dourado descanso dos deuses.
Sober do segredo profundo mal da vida
adeprendiche moito en mín.

Esquece todo. Eu voume d-eiquí
semellante a unha nube que pasou diante a lua
e tí descansas e brilas novamente
na túa nova e bela luz.

IDADES DA VIDA

Vos vilas do Eufrates!
E vos rúas de Palmira!
Os vosos bosques de colunas sober do chán do deserto
onde están?
Hai que coronarvos
—agora que xa pasástedes do linde do que respira—
co fume dos deuses celestes
cos fogos que ao lonxe vos foron acesos.
Namentras eu estou sentado nas nubes
—cada un descansa a sua maneira—
sober de carballos ben plantados.
e sober as terras con corzos.
Extranxeiros e mortos parécenme
almas de benaventurados.

PRIMAVEIRA

Desce un día novo das outuras lonxanas.
A mañán que xa se despreguizou de crepúsculos
leda e decorativa sorrí ás xentes.
Ás xentes que están cheas de doce lediza.

Semella quererse revelar o porvir
óllase o imenso val e toda a terra
encherse de froles —sinal de brilantes días—.
Pola primaveira sempre están lonxe as bágoas.

EISPOSICIÓN COLMEIRO

ASOCIACIÓN DE ARTISTAS — A CRUÑA

No salón d'esta Sociedade pendurou Colmeiro trinta das suas obras-ólios e dibuxos. Un conxunto escolleito da derradeira —e millor— laboura d'este grande artista noso.

Ista exhibición ha marcar un acontecimento de pirmeira categoría no

desenrolo cultural galego; mais pasou insospeitada na sua trascendenza para o púbrico que, cecáis por vez pirmeira, atopou diante os seus ollos unha recta de cadros de tan outa valía.

Si os pobos camiñaran parellos en sensibridade coa obra dos seus crea-

dores representativos hoxe Galicia berraría de pé o seu xúbilo por haber parido un pintor: O PINTOR; carne da sua carne, terra da sua terra.

Tivo, tén Galicia Pintura? Hastra Colmeiro poderáse opinar como se queira; dende Colmeiro, e principalmente, dend'a derradeira eixposición Col-

meiro xa se pode afirmar sen medo que Gallicia tén *un pintor;* tan seu, tan representativo n-esta Arte coma o foi, cecáis, Rosalía na lírica. Decatámonos da importanza d'esta afirmazón máis apandamos con toda a responsabilidade que pecha en sí... e agardemos.

Cómo pinta Colmeiro? Unha paleta sobria e súa hastra o inverosímil nos seus derradeiros cadros. Coores chuchados direitamente nas ubres da paisaxe, maceirados en carne e sangue, do artista, fervidos no lume vivo do seu esprito, eisprimidos e devoltos coa síntesis xenial dos froitos, en cadros; obedente â mesma fatal e misteriosa lei biolóxica que obriga â maceira eisprimir en mazáns as substancias que mama da terra en que se afinca.

Calidás que teñen toda a forza práitica, frescura, sabor e sensualidade da manteca eistendida sobor da rebanada de pan tenro.

Un cadro calquera. Antre o verde denso e maceirado surxen as formas diluídas na humidade oleaxinosa da nosa peisaxe, os peitos cheos e aceitosos dos montes, a melena espesa, revolta e pesada dos carballos, a borralla mollada dos camiños, a mancha d'ouro páledo do gando que xogan cos roxos entumecidos dos tellados: todo amasado e fundido na malenconía práitica do ambente!

¿Pintura pura? Sí; e moito máis. Pintura eistendida, mais que sobor o frío e tirante lenzo, sobor da i-alma sensibre das cousas, sobor pel viva, tenra e quente.

¿Canto vai tardar Galicia en coñecer —que é comprender— a este seu grande pintor —grande eiquí i-en todal-as terras—? Cecáis non denantes de que fuxa pra outras, a cambear por pan os seus cadros. E unha terra que non sabe ou non pode sustentar os seus artistas ¿meresce telos?

M.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

GALIZA EN PORTUGAL

Con satisfaición e agradecimento, reproducimos do *Diario de Coimbra*, de 30-IX-1934, o seguinte escrito do Sr. Faria de Castro referente ás aitividades do Seminario de Estudos Galegos, c'unha mención, que moito nos houra, á nosa revista.

CULTURA GALEGA

Na recente estada em Santiago de Compostela, por ocaslão do «Congresso para o Progresso das Ciências», tive feliz ensejo de visitar e conhecer o Seminario de Estudos Galegos.

A Galiza, provincia irmã de Portugal, pela lingoa, pela peisagem e pelo sentimento, está em franca efervescência inteletual, segundo todos os pontos de vista. Possue uma falange de ilustres homens que pensam e trabalham, criam e evangelisam ciências.

Conta o Seminario onze anos de vida, havendo sido fundado em 12 de Outubro de 1923, na Casa do Castro de Ortoño—casa esta ligada á infância de Rosalia de Castro, a grande poetisa que, melhor do que ninguém, cantou e sentiu, amou e ergueu alto as belezas da paisagem e do sentimento da terra galega. Os cabouqueiros do Seminario, então nascente, deambularam pela Amahía, bebendo, a profundos haustos, a água pura que brota da tradição. E nessa digressão, investigando o passado e contemplando o presente, construiram o foturo do nucleo de estudos que havía de ter o prestigio e as virtudes que hoje possue.

E, para mais forte duradoira segurança, o Seminario procurou estabelecer contacto estreito com o público, mediante sessões de leitura de trabalhos, exposições artisticas e etnográficas, ciclos de conferências sob temas de multipla ordem. Logo no ano seguinte, Lago González, arcebispo e sábio, de tam polimorfo saber como Sarmento, provocou, com a sua adesão, a primeira reunião geral, em que pronunciou o celebrado discurso «Do novo espiritu».

A actividade desdobra-se em anos socessivos. Constitue o Seminario secções autonomas; estabelece uma editorial, dando á estampa obras de valor; realiza as Festas da «Lingoa Galega», da »Poesia», «Prosa Galega»; cria a comissão do Vocabulário da Galiza; promove campanhas de investigação em Deza, Melide, etc.; organiza a biblioteca e o museo, que é enriquecido com as miniaturas da casa labrega; funda o laboratório de psicotecnica e secções de ciências aplicadas e pedagogía; dissemina á sua volta, enfim, o exemplo dum fecundo labor.

São directores das diferentes secções: Lopez Cuevilhas (Pre historia), Jesús Carro Garcia, (Arqueologia e história da Arte), Fulgueira Valverde (História da Literatura), Otero Pedrayo (Geografia), Luiz Iglesias e Iglesias (Ciências naturais) e moitos mais investigadores de renome dentro e fora da Galiza.

A cultura galega tem no Seminario Compostelano o seu mais firme esteio, traduzido num decénio de fulgurante acção em prol do saber humano, como provam as inúmeras e notaveis publicações saidas da sua editorial, entre as quais alguns estudos portugueses feitos por gente de áquem e álem Minho.

Se outros méritos não tivesse tido, a minha viagem á Galiza permitiu conhecer algumhas manifestações duma cultura em verdadeira renascença.

As colecções etnográficas do museo do Seminario documentan a Galiza e com ela tomei pronto contacto. Despois ouvi a palavra fluente dos oradores galegos, li prosa e verso dos escritores, vi a arte dos pintores e dos estatuários verifiquei as conquistas espirituaes do sonado grupo «Nós», que edita todos os meses um boletim que sob a direcção de Vicente Risco, advogado talentoso e seguro prosador, é mais do que um simples boletim:—é uma bela revista cultural.

Aveiro, Setembro.

Adolfo Faria de Castro.

NOTICIAS

Chega a nós a de que se está orgaizando unha eisposición de arte galego en Oporto. ¿Será unha de tantas asi mal chamadas, como xa vimos, que mais que expoñente da nosa arte foron un almacen de cadros, tallas, etc. amontonados a eito, sin criterio, sin seleición, sin idea crara do que un feito d'estes sifiifica da responsabilidade que encerra?.

Non nos parece cousa moi dificil orgaizar unha eisposición que representara de modo relativamente fel o desenvolvemento aitual da arte galega. Mais trememos pol o medo a que os os orgaizadores deixen morrer iste propósito no maremagnun da política da manga ancha. E que o concurso se convirta nunha manifestación «municipal y espesa»

que, mais que mostrario de calidade o sexa de número. E que produza o efeito contrareo ao que se busca.

LIBROS

A ROMEIRÍA DE XELMÍREZ
por Ramón Otero Pedrayo,
Santiago, NÓS, 1934.

Iste ano sinalouse na nosa história literaria pol-o aparecemento d'un bó mangado de libros. Bó en cantidade, en comparanza d'outros anos; bó, mais que nada, en calidade. Falouse moito moito pra o que s'adoita falar en Galiza dos libros galegos dos catro aparecidos o Dia de Galiza, catro libros deitados â rua n-un solo día, coma quen deita na mesa os catro reis n-unha jogada decisiva. Unha novela: *Os dous de sempre*, do Castelao; un libro de versos: *O silenzo axionllapo*, de Carballo Calero; unha obra de teatro (mais ben pra leer): *Os Evanxeos da Risa Absoluta* de Antón Vilar Ponte; e unha evocación novelesca: *A romeiría de Xelmírez* de Otero Pedrayo.

Calificamos a obra de Otero d'evocación novelesca porque, en realidade, trátase d'un episodio inteiro da história de Galiza que o A. fai vivir de diante de nós c'unha potencialidade estraordinaria de plastificación vital. A viaxe de Xelmirez a Roma, atravesando a Hespaña, a Francia e a Italia, dalle ocasión pra facernos vivir, en compaña de toda sorte de persoages—monxas, coengos, bruxos, burgueses, soldados, fidalgos, estudantes, xograres, méndegos, señores e labregos—a vida abigairrada e chea de pulo ascensional da Compostela do século XII. Manexa Otero Pedrayo unha moitedume enorme de figuras, todas elas cheas de valor individual e caraiteristico; pol o camiño adiante, van alternando as evocacións de cibdades e peisages diversas, olladas coma artista-geógrafo, ou coma geógrafo artista, e as conversas e monólogos interiores en que se cruzan todal-as ideias e todal-as cobizas qu'abalaban as almas d'aquil tempo. Toda a Europa contemporánea de Xelmírez é traguida a conto por vía anecdótica ou por vía sintética, pra facela girar arredor da Compostela sagrada e alumadora d'un dos grandes séculos da cristiandade, a un tempo trunfante e militante. De cando en cando, solpréndennos episodios de fonda poesía, de misterioso intrés ou de tremenda forza dramática, coma o da Margarida, persoage de tipo shakespearián. E logo a forma coma todo elo se vai refrexando na y-alma ingenua e inxel do xograr Johán de Isorna, persoificación da nova poesía galega, da y-alma do noso pobo, que conquire a espresión propia. Xelmírez, presente en toda a obra, semella en troques pasar un pouco lonxano inaccesibele, co oliar perdido no seu soño político de príncepe da Eirexa e de home d'Estado.

Libro denso e compreto, ateigado de sabencia e de vida, d'unha fantesía estraordinaria e d'unha solidez documental, que se pode pôr, a máis do seu gran valor artísteco, coma verdadeira adeviñación da íntema h.storia de Galiza, mais alén das pedras e dos pergamiños, embora rigurosamente fundada nos pergamiños e nas pedras, sustancia espirtual da *Historia Compostelana* e do románico frolido e señor da cibdade santa.

Castelao deseñou pra iste libro unha riola d'iniciás románicas, nas que os Anciáns da Apocalipse xogan as súas cítaras e organistros n-un maravilloso abecedario litúrgico. Son dos deseños máis finos que teñen saido da penna do gran dibuxante, que n-iles, asimílase con enorme acerto o estilo do Mestre Mateo.—V. R.

OS DOUS DE SEMPRE
por Castelao. Santiago,
NÓS, 1934.

O libro do Castelao é unha novela, mais unha novela que tén unha especialidade. Tense dito já que a arte literaria do Castelao é o conto, mais un conto que non é conto, senón cada conto, unha novela comprimida, unha novela n-unha página, unha página breve, intensa e pungente, coma o pé d'unha caricatura. Eixempro, o libro de *Cousas*; ainda poden ser novelas inteiras n-unha soila liña, coma nos *Cincuenta homes por dez reás*, onde cada pé, formando un todo co deseño; contén a vida inteira d'un persoage, de geito que d'aquil persoage já non queda nada máis por dicir do que alí se dice; con catro verbas, abonda. Iste arte é maravilloso e moi raro. Poucos homes teñen un tino artísteco tan agudo e certeiro que coma Castelao apañen a síntese n-unha soila e súpeta ollada; é iste o don que máis escasamente anda repartido no mundo. Mail-o genio do Castelao é asi.

Pois *Os dous de sempre* está concebida i executada de tal xeito, que cada un dos seus capidoos, arredado dos demáis, poidera costituir unha d'esas novelas breves, independente. E máis así e todo, forman unha riola tan encadeada e perfeita, que o libro ten unha perfeita e indestrutíbele unidade. Poucas veces ten acadado a nosa literatura unha perfeizón semellante de procedemento, d'estilo e de lingoage. O Castelao traballa demoradamente. Escribe e volve lêr o qu'escribeu, corrige, reescribe, modifica, pule e cas-

tiga; coida e mima o seu estilo; refiña o seu galego. Longe da espontaneidade de cadoiro d'Otero Pedrayo, que endejamáis volve mirar unha cuartilla que rematou, Castelao sigue o preceito de Horacio «*castigare ad unguem*», coma facía Flaubert.

A novela do Castelao é caricaturesca e tristeira, porque é fondamente humán. Tén o amarguexo e o humorismo desenganado que hai no fondo de toda vida i eiquí son duas vidas: o Pedro e máis o Rañolas, tan disgraciado o un coma o outro, somentes que o Pedro déixase ir, e o Rañolas loita, e algún tempo case trunfa, e se ao fin fracasa, é por disconformidade co que tén, namentras qu'o outro en forza de non facer nada, consigue rematar n-unha semi-ociosidade, cando o Rañolas protesta, facendo toupar a súa propia cabeza. Son efeitivamente, «os dous de sempre», e tamén se poideran chamar «os de todos lados». Duas vidas que, s'a do Rañolas semella máis pintoresca por afora, a do outro ten se cadra igual valor novelesco, e ao fin, as duas van levadas por un sino qu'iles non criaron. Pintorescas e tristeiras vidas, e pol-a mesma aquela, divertidas coma espeitáculo.

Castelao escritor, reduz tamén os rasgos da descripción ao esquematismo dos seus deseños, de maneira que un persoage, un oujeto ou un ambente, quedan figurados en duas verbas atinadas e suficintes, e o mesma os acontecementos. O diálogo, da máisimo naturalidade, ten o mesmo esquematismo; isto d'atopar unha expresión máxima nos ditos máis adoitados e correntes, é outro dos grandes acertos do Castelao.

Tamén iste libro vai ilustrado con deseños do propio autor, deseños do estilo agudo da prosa en qu'o libro vai escrito. Pequenas obras de man de mestre que avalían ainda máis *Os dous de sempre*.—V. R.

OS EVANXEOS DA RISA ABSOLUTA
por Antón Villar Ponte,
Santiago, NÓS, 1934.

Unhas veces, iste folk drama semella diáfano; outras veces, enigmático. A razón d'elo é que Villar Ponte, un dos espritos máis amplios e comprensivos que hoxe tén Galiza, tén o esprito compartido por arelas opostas, e adentro d'il, rifan o politeco e o artista. Íntema tensión dialéctica que levan consigo moitos galegos de hoxe. Villar Ponte esfórzase pra superar esta antítese por meio de toda sorte de abelenciosos compromisos, porque a síntese non se pode realizar.

Querendo ou sen querer, Villar Ponte fala eiquí por boca d'Electus o tolo, faguendo téses independentes do drama —o drama moi superior ás téses— pra rematar en plena teoría, no Soliloquio do Ser ou Non Ser. Dende logo, Villar Ponte —que semella estar seguro e non dubidar das súas convicciós— fala d'un geito direito e, coma convencido, sen humorismo e sen doblez. E resulta quixotesco o antiquixote, e pol-o tanto un pouco manchego.

O drama en sí non sabemos se tivo en conta as cousas de Synge, o irlandés, mestre actual d'esta sorte d'obras. É menos singelo e con meirande ambición simbólica. Lembra máis —sen asemellarse a ningún— outros dramas peninsuares: Guimerá, Benavente, Carlos Selvagem; pol-a técnica, non pol-o asunto. Sabe ir medrando paso a paso. Tén esceas fermosas: o diálogo das lavandeiras, o dos bebedores de viño. Está desenvolto con abelencia, apesares do número de persoages que se moven na escea, ten realidade humán, e tén unha cousa que sole faltar en moitas obras modernas: intrés. Está escrito singelamente, en lingoage usual e craro, coma tén que ser o teatro, que pensa de cote n-un gran púbrico heterogéneo. Pois iste é un drama perfeitamente repersentábele, o que o fai teatro pra lêr son precisamente os comentarios e as acotaciós, todas elas moí literarias.

Villar Ponte concibeu o noso drama histórico —*O Mariscal*— e abordou temas difizles —*Entre dous abismos*— e fixo teatro social —*Almas mortas*— que por certo non s'avén de todo co-iste d'agora. Tivo de cote o pensamento posto no teatro galego, e semella ter confianza en qu'algún día poidan ser realizadas diante de púbrico. Ogallá sexa así.—V. R.

O SILENZO AXIONLLADO, por
R. Carballo Calero. NÓS.
Vol. LXI, Santiago.
(1931-1934).

En todo espírito dotado de sensibilidade tén, por forza, que erguerse unha torre de silenzo. Mais o silenzo de cada intre é un silenzo novo. Hai silenzos axionllados i-ergueitos, doorosos e inefabres, eistáticos e atormentados... No Pórtico da Groria, en cada santiño adiviñamos o seu silenzo. Mais qué distinto o de Daniel e o do Mestre Mateo!

É doado sentir a escada dos diversos tóns da melodía do silenzo. Xa non é tanto esculcar a verba xusta para a eispresión de cada matíz.

Frente a *O silenzo axionllado* de Carballo Calero —profundo silencio interior— nós quixéramos achar outro adxetivo que non fose *axionllado*. *Axionllado* dí, para nós, dedicación, renunciamento, abandono místico, adoración... Sempre unha aititude de-

vota da vontade. Niste libro, en troques, nós atopamos outra cousa. Si nos fora permitido diríamos un silenzo *pechado* ou algo pol o estilo. Ao traveso da súa leitura, só puidemos pensar no tídoo lêndo *María Silenzo* e aquel poema cheo de finura que empeza:

Meu corazón quixera ser pombal...

Para nós iste libro, tan pleno, quizaves un dos de temática máis ricaz de cantos se levan pubricado en galego, será sempre iso: un silenzo pechado en torre de marfín, adubiado con estrelas frías, limpas de néboas e sereas de bágoas. Non é un silenzo sonoro, como eu concibo o silenzo axionllado, sinon un silenzo mudo, con unha función lírica estática, de fondo; mentras que a dinámica queda para as cousas.

Niste fondo silenzoso, inquedante de segredo, vanse ordeando moi variados temas, profundamente humáns e ao mesmo tempo deshumanizados, quizaves sin pretendel-o. O misterio dos sexos toma todal as formas i-encarna todal-as cousas, retorcéndose e multiplicándose en espellos embazados. Hai un regusto de carexa a flor de pél, gozoso, das formas belidas da muller. É, por riba de todo, un afan de análisis emocionado dos intres, por entre garnicelas silenzosas de sentimentos; de resurreición de carifias esluadas sin marteleos; de chincheiras e de mansiñas brancas sin pulsos; de esculca de sí mesmo, dos seus estados de ánimo e das cousas, con todal as caraiterísticas da imaxe relembrada que chega por eistranos camiños. Sempre con serenidade de voz e de ollar frente ás cousas, alonxadas, frias, belas. Sempre con un luxo auténtico i-en grande —quizaves máis bizantino que barroco— da imaxen en danza lírica.

En total: un libro pleno, ricaz e limpo, de eispresión folgadamente troquelada.-A. I. A.

DE MAR A MAR, Poemas, por Feliciano Rolán. Madrid, 1934. 3 pesetas.

ROLÁN é un home isolado – mellor sería decir un poeta, pra adiantarse ás suspicacias dos que sempre están á espera – que canta esa cousa total que é o mar. Andívose a decir que este libro estaba lonxe da literatura; sería preciso conocer que senso se lle daba á frase, pra saber a súa xusteza. Si se quería decir que o libro é só bela e outa e pura poesía, non é ben. Si o que se quixo decir foi que o libro está limpo de anécdotas e lugares comúns e fáciles metros e rimas, abondaba con decir que era unha obra limpa dun poeta isolado, que vive ó día. Andívose tamén a enfiar o nome de Rolán, cos de Guillén e Salinas, enxergos gratuítos que teñen nacimento n-ese punto de partida cuasi común, que é Juan Ramón, mellor sería tamén deixar a cada un no seu lugar, e poñer cada obra no seu sitio, non se valora ceibando gabanzas a eito.

Salinas quixo cantar o amor, non inda, sinón un amor, e naceulle nas máns «La voz a ti debida». Rolán quixo cantar o mar e topouse nos beizos os poemas «De mar a mar», pro nin Rolán é Salinas, nin o mar se deixa acadar tan a xeito como o amor, moito menos, como un amor. Rolán non é tampouco ese arquitecto preciso que é o Guillén; Rolán é Rolán, e xa é d'abondo.

O Rolán acodado na soma d'ese Fisterre que é o Tecla, olla o mar en todol-os intres i-en todal-as dimensións. Él é, como todos, un home perdido no mar. Inda non naceu o home que poidese meter o mar na súa i-alma; eu coido que é a súa a grandeza máis outa, e que non cabe na i-alma dun home, por eso eu non topei aínda o poeta do mar, e si poetas de deus, e do home, e aínda da vida. ¿Quizáis o Manuel Antonio?, si hai intres en que si, pro tamén alí, cuasique como eiquí temos que berrar anguriados, é pouco, o mar é moito máis.

Será bó leer moitas veces este libro de Rolán, como aquel «De catro a catro» doorido e desgarrante. Non se semellan ren e un lémbrase d'aquelas máns valdeiras do Manuel Antonio agardando bicos de olas na soedade rumorosa d'unha plaia galega. O libro de Rolán é o libro do mar, é o libro d'un corazón que danza no mar, sen poder darse a él. Pulcros poemas que ceibaron a rima i-a métrica, pra quedar nuos á espera das i-almas que seipan sentir. Aventuras e angurias infindas d'un esprito que degoira por lonxanías e totalidades, d'un esprito apegado a un corpo quedo á beira do mar. Doores, ledicias i-anceios d'unha i-alma isolada. Hai un fío infindo da anguria doorosa que nos fará lembrar xa pra sempre un corazón a sangrar entre o balvorto misterioso das olas do noso mar, que non deixándose acadar, nin comprender fainos ser un pouco como él é, insondables, infindos. «De mar a mar», falaranos sempre do home Rolán, da súa fonda door, do seu sangue vertido. Un libro limpo pra leer no silenzo d'un mesmo.

L. M.

EL ECO DE UN REGICIDIO, por Armando Cotarelo Valledor; de «Anales de la Universidad de Madrid», tomo I, fase I, (Letras) 1934.

O A. recolle eiquí curiosas notizas tocantes ás preces, rogativas e festas que se fixeron nas cibdades galegas co gallo do

atentado do Cura Merino contra a Reina Sabel II, en 1852, collidas da coleizón que posee de *El Eco de Galicia*, jornal que se pubricaba en Santiago, dirigido por Neira de Mosquera e imprentado por Rey Romero. Costituie unha bóa evocación da vida galega d'aquil tempo, por fala da imprensa, sociedades, costumes, teatro etc. Pubrica además anacos d'artigos, e curiosas poestas casteláns e galegas de Domingo e Alberte Camino, Turnes del Río, D. José Trevijano, un descoñecido, cuias iniciás coinciden co as do despóis coñecido repubricano Pérez Costales, Sergio Valladares (irmán de Marcial Valladares), D. Celestino de la Peña, outro J. M. P. M., posibremente o impresor d'Ourense Johán María de Pazos, e notiza d'outros periódicos, coma *El Coruñes* e *El Faro Marítimo* de Ferrol. En todo elo fan gala os poetas e periodistas d'un grande antusiasmo monárquico e patriótico, que n-algús non durou moitos anos. É iste traballo unha bóa aportación pra a historia do noso século XIX.

MODELOS VIVOS DE LA FELIZMENTE ACABADA AVENTURA DE LOS LEONES (papeletas cervantinas), por Joaquín Arias Sanjurjo Pardiñas, Santiago, 1934.

Proponse n-esta papeleta o A., que é un eruditisimo cervantista, do que o primeiro traballo exegético en col do «Quijote» pubricouse en NOS, probar que o modelo vivo da aventura de Don Quixote cos leós, foi a ocurrida a D. Juan de Austria no Alcázar de Túnez, en 1573, c'ún león amansado que había no jardín, asegún refire o cabaleiro Don Luís Zapata de Calatayud nas súas «Misceláneas», texto copiado pol-o P. Coloma en «Jeromín». Probao co-a biografía de Cervantes por Navarrete, que dí que Cervantes estivo en 1573 en Túnez con Don Juan de Austria. É a teoría do A. que o «Quijote» está cheo d'alusiós a persoas e feitos contemporáneos, que compre pôr en craro. E promete, tendo tempo, escribir outras sobre a ascendencia galega de Cervantes, a dos Cortinas, dos Quixadas, o persoage que sirveu de modelo pra Don Quixote, a aventura do corpo morto, etc.

LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO, por C. Pérez Bustamante y S. González García-Paz, Santiago, 1934.

Pubricación do Instituto de Estudos Regionás da Universidade Compostelá, iste libro contén en resume a historia da Universidade Compostelá e dos Colegios co-ela relacioados, dend'o Estudo Vello de Lope de Marzoa deica os nosos días, con especial consideración da vida interior do Centro, dos Mestres, provisión de cadeiras, categorías; dos estudantes, ensames, grados, cerimonias, vida e vestimenta escolar, batallón literario, etc. Estuda logo a Bibrioteca Universitaria, súa historia e os seus diversos foncos; o patrimonio da Universidade e súas vicisitudes; a Residencia d'Estudantes; os edifizos actuás da Universidade e a súa historia; os plans d'estudos actuás; serie cronológica dos Rectores dende 1503 a 1934; abondosa bibriografía, e 25 láminas con repersentacións dos edifizos universitarios e súas dependenzas, códices da bibrioteca, documentos, etc. É un utilismo resume, verdadeira guía da Universidade compostelá, actual e histórica, feita con primor e coidado.

REVISTAS

BROTÉRIA, Lisboa, Abril, 1934.

Sumario: Riba Leça, Estirilização i eugenismo.—A. Rocha, Escola única e coeducação dos sexos.—J. da Costa Lima, Revolução necessaria.—Luís Gonzaga de Azevedo, Cortes de Guimarães.—E. Lombart, Direito canónico.—Com o sangue dos Lavradores.—Serafim Leite, Um Centenario Célebre.—Notas e factos.—Revista de Revistas.—Bibliografía.—Obras recebidas.

Id. Maio, 1934.

Sumario: Paulo Durão, Acção Católica i Acção Religiosa.—Mariano Pinho, No Estado Novo.—Riba Leça, Esterilização, não; eugenismo, sim.—A. Rocha, Educação Sexual.—Artur Varela Cid, Em prol do vôo-sem-motor portugués.—Luis Chaves, Forma de quadra corográfica urbana, muí comûn em Portugal.—Revista de Revistas.—Bibliografía.—Obras recebidas.

Id. Julho, 1934.

Sumario: A. Rocha, O Analfabetismo em Portugal.—Francisco Rodrígues, O capelão-mór D. Jorge de Ataíde e a Companhia de Jesus.—Eugenio Jalhay, A adaga da quinta da Romeira.—Domingos Mauricio, O Infante Santo Cardial.—Armando de Mattos, Notas heráldicas.—Notas e factos.—Revista de Revistas.—Bibliografía.—Obras recebidas.

Imprenta NÓS, Rúa do Vilar 15, Santiago.

Os pobos somentes son grandes pol-a cultura.

Mercade Libros Galegos.

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM
DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.
ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo

Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e **D. Antonio M. de la Riva**

CIRUXANO XINECÓLOGO

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotograbados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos aos
Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.
Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será unha biblioteca galega, mentras non adequira as obras editadas por

NÓS PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
SANTIAGO